

BASES do “SERVIZO DE CONCILIACIÓN” do CONCELLO DE RIBADAVIA

As seguintes bases desenvolven o Regulamento do Servizo de Conciliación do Concello de Ribadavia aprobado inicialmente na sesión plenaria do 26 de maio de 2022 e publicado definitivamente no *BOP nº 171 do 28 de xullo de 2022*.

Art. 1 Obxecto e Servizo de Conciliación

O obxecto destas bases é o establecemento das condicións de funcionamento e admisión do “Servizo de Conciliación”.

O “Servizo de Conciliación” desenvolverase nas instalacións do CEIP Plurilingüe Ribadavia (Rúa Carballiño s/n). Este servizo levarase a cabo todos os días no período lectivo escolar, cos seguintes horarios:

Horario de mañá: 07:30 a 09:00h

Horario de tarde: 15:00 a 16:30h.

O número total de prazas será de 25. Poderíase ampliar o número de prazas e horario en caso de necesidade de conciliación debidamente acreditada.

Os criterios de preferencia para a adxudicación das prazas e na creación dunha lista de agarda son os seguintes:

- 1º) Que todos os membros figuren empadroados no Concello de Ribadavia.
- 2º) As unidades familiares onde ambos proxenitores estean traballando, e a súa xornada laboral coincida co horario do servizo.
- 3º) Neno ou nena con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- 4º) Data de solicitude.

Unha vez esgotadas as prazas existentes crearase unha listaxe de agarda na que se inscribirá ós nenos/as por os mesmos criterios de prioridade.

Se houber algún neno ou nena con discapacidade ocupará o rango de dúas prazas.

O inicio e o remate do servizo corresponderase cos días fixados no calendario escolar de cada curso lectivo.

No Servizo de Conciliación dentro do horario de mañá, para o almorzo os nenos/as deben incorporarse ó Servizo como mínimo 30 minutos antes do inicio das clases.

Para o desenvolvemento do Servizo de Conciliación deberá haber un mínimo de 3 nenos/as en cada unha das quendas (mañá/tarde).

Art. 2 Prestación do Servizo

a) Servizo de acollida e vixilancia dos escolares participantes.

As actividades que se leven a cabo relacionaranse con áreas lúdicas e socioculturais non indispensables para a consecución de obxectivos curriculares e facilitarán o desenvolvemento persoal e social dos nenos e das nenas.

Os nenos e nenas realizarán diferentes actividades segundo a idade e os intereses: actividades de carácter lúdico-didáctico, animación lectora, traballo persoal... Ademais, fomentaranse os valores do respecto e a colaboración.

b) Servizo de almorzo no horario de mañá.

O almorzo consistiría de forma básica e diaria en leite, cacao e galletas, cereais e/ou froita.

Cada neno disporá dunha bolsa de aseo con cremalleira na que depositará os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes.

c) No caso de nenos e nenas que necesiten trasladarse dende o centro onde se desenvolve o Servizo de Conciliación a outro centro escolar, o Concello facilitará os medios necesarios dentro das súas posibilidades, sempre que o precisaran máis de 3 nenos/as.

Art. 3 Beneficiarios/as

Serán beneficiarios/as do Servizo o alumnado escolarizado no CEIP Plurilingüe Ribadavia e CRA Amencer, cuxos pais ou nais soliciten a prestación do servizo, por causa da necesidade de conciliar a vida laboral e familiar.

Os nenos e nenas beneficiarios/as serán os matriculados no 2º ciclo infantil e educación primaria.

Art. 4 Prezo dos Servizos

Os prezos do servizo de conciliación son os establecidos no Regulamento e na Ordenanza do Servizo de Conciliación.

O custe será a mesma cantidade tanto para quenda de mañá como para quenda de tarde. Para as unidades familiares que fagan uso do Servizo de Conciliación de ambas quendas terán un desconto do 50% na segunda quenda.

De forma xeral:

	Empadroadas/os	Non empadroadas/os
Por un neno/a	35€/mes	65€/mes
Por segundo ou máis irmáns	25€/mes	45€/mes
Neno/a membro de Familias numerosas/monoparentais	25€/mes	45€/mes

Para unidades familiares con ingresos inferiores a (Salario Mínimo Interprofesional):

	Empadroadas/os	Non empadroadas/os
Por un neno/a	25€/mes	45€/mes
Por segundo ou máis irmáns	15€/mes	35€/mes
Neno/a membro de Familias numerosas/monoparentais	15€/mes	35€/mes

O pago realizarase mediante domiciliación bancaria. Coa solicitude axuntarase modelo de autorización. O cargo do recibo realizarase dentro da primeira quincena do mes seguinte a prestación do servizo.

Art. 5 Prazo de solicitude

O prazo de solicitude será a partir do 5 de setembro de 2022.

Poderán formalizarse solicitudes o longo do curso escolar 22/23 ata o 1 de xuño de 2023, e no caso de que houberse praza vacante, asignarase no prazo máximo de 15 días hábiles.

A solicitude entenderase efectuada para o curso completo, se ben poderán solicitar a baixa do mesmo, cun mínimo dun mes de antelación.

Art. 6 Solicitudes

As solicitudes realizaranse no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia, baseadas na documentación recollida no Regulamento no Servizo de Conciliación:

- SOLICITUDE E ANEXOS
- DNI nai/pai/titor.
- TARXETA SEGURIDADE SOCIAL (neno/a).
- LIBRO DE FAMILIA.
- INFORME MÉDICO DO NENO/A (só en caso de alerxia/intolerancia e/ou algunha outra enfermidade que se deba ter en conta).

De ser o caso solicitarase a documentación complementaria que se detalla a continuación:

- COPIA DE CONTRATO/S LABORAL/IS.
- CERTIFICADO DE EMPRESA DO HORARIO LABORAL.
- CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DO NENO/A SE FORA O CASO.

- XUSTIFICANTE DE UNIDADE FAMILIA CON INGRESOS INFERIORES A 1000€, xustificarse mediante: a presentación das últimas nóminas, declaración de IRPF do último exercicio, pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, ou calquera outra prestación pública.
- No caso de separación/divorcio acreditar a garda e custodia con documentación xustificativa.
- Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requerida polo Dpto. de Servizos Sociais.

Art. 7 Baixas

Causarase baixa por algunha das seguintes causas:

- 1.- Por solicitude dos pais, nais ou titores/as.
- 2.- De oficio, polo Concello, en caso de concorrer as seguintes causas:
 - Impago da cota establecida.
 - Comprobación da falsidade nos datos declarados ou nos documentos aportados.
 - Incumprimento reiterado das normas establecidas no presente regulamento.
 - Entorpecer, obstaculizar ou impedir a correcta prestación do servizo.